



Deputación  
DA CORUÑA

Nº21

15/11/2017

# Boletín de Medio Ambiente



## 15 anos do Prestige

O buque Prestige, cargado con 77.000 toneladas de cru, afundiuse o 19 de Novembro de 2002 fronte á costa de Galicia, provocando a maior catástrofe ambiental do país ao contaminar máis de 2.000 km de costa.

Mariñeiros e voluntarios lanzáronse para parar as manchas de cru das costas galegas, limpando rocas e praias e axudando ás aves e animais impregnados dunha viscosa sustancia que 15 anos despois segue visible nalgunhas zonas de costa.

## Noticias

### Medidas contra a seca

Empézanse a tomar medidas na área metropolitana de Coruña por mor da seca. A partir desta semana os Concellos deixarán de baldear auga para limpar as rúas, controlarán o consumo nos edificios municipais, nas fontes e nos chafarices públicos, e reforzarán a inspección nas redes de abastecemento para detectar e reparar posibles fugas.

Trátase das primeiras limitacións ao consumo desde decembro de 2007, cando o encoro de Cecebre se encontraba a un 28% da súa capacidade, o seu mínimo histórico. Con todo, actualmente atópase nun 39%, dando unha pequena marxe ata que se comecen a tomar medidas para limitar o consumo doméstico.

Fonte: La Voz de Galicia

### Segunda alerta para salvar o planeta

Un grupo de 15.000 científicos de 184 países alertaron, por segunda vez en 25 anos, das negativas tendencias ambientais que ameazan o benestar humano e causan danos irreversibles.

Din que a Humanidade non está a tomar as medidas necesarias para protexer a biosfera en perigo, pois lembran que a maioría das ameazas que xa se describiron persisten e, de maneira alarmante, posto que están a empeorar. Por iso, suxiren actuacións, como crear máis reservas naturais e promover un cambio de dieta baseada en vexetais, e piden unha corrente de presión pública para convencer aos líderes políticos de que adopten medidas correctivas.

Fonte: El País

## Revalorizando os castiñeiros

A Deputación de Coruña desenvolverá o proxecto AMAdeira – Sustentabilidade da cadea do valor do castiñeiro, cofinanciada pola Fundación Biodiversidade a través do Fondo Social Europeo e baixo o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación. O proxecto se levará a cabo nas comunidades autónomas de Galicia e Asturias, máis concretamente no Concello de Cerdido en Galicia e nas Concas Mineirás en Asturias.

A través da formación de persoas desempregadas, en xeración e xestión de castiñeiro sustentable, desde a plantación ata a obtención de recursos forestais, pretenderase que os 70 beneficiarios do proxecto consigan a formación necesaria para que logren obter un emprego, co compromiso de crear polo menos sete postos de traballo.

O proxecto busca ademais a erradicación do paro feminino nas zonas elixidas – xa que a taxa de paro feminino supera o 12,5% – e o crecemento sustentable do sector. Elixíuse o castiñeiro porque é unha especie autóctona que está en situación de vulnerabilidade por mor da sobreexplotación de plantacións de quenda curta como o piñeiro e eucalipto, o cal, implica unha degradación do chan e perda de biodiversidade. Ademais o 50% da castaña producida en España provén de Galicia, e debido á súa particularidade goza de Indicación Xeográfica Protexida.

Cun orzamento de 129.671,03€, dos que 20.747,21€ serán financiados polo ente provincial; os 10 cursos que se impartirán en Galicia e os 2 que se impartirán en Asturias comezarán nos próximos meses.



Fonte: Deputación da Coruña

## O cambio climático non discrimina

Un informe da Unión Internacional para a Conservación da Natureza, IUDN polas súas siglas en inglés, mostra que o número de lugares declarados Patrimonio Mundial pola UNESCO que se atopan en risco ou que xa están a ser danados polo cambio climático dobrouse nos últimos 3 anos.

A Gran Barreira de Coral, as illas Galápagos, a Amazonia central, a Reserva da Biosfera da bolboreta monarca en México ou as grutas kársticas de Aggtelek e do karst eslovaco, en Hungría, os glaciares alpinos do Kilimanjaro e dos Alpes suízos,... todos están a ser gravemente danados polo aumento de temperatura dos océanos e do planeta. Os humidaes dos Everglades, o delta de Sunderbans, as áreas protexidas da Rexión Floral do Cabo en Sudáfrica, e os bosques húmidos de Godwana en Australia tamén se atopan en perigo tras os aumentos do nivel do mar.

O documento deuse a coñecer no seo das negociacións do Cume do Clima (COP23) celebrada en Bonn, Alemaña, onde os signatarios do Acordo de París deben tomar decisións sobre as medidas que deberán tomar para cumprir os compromisos adquiridos en 2015.

Fonte: The Guardian

### Sabías que...

... coller unha flor dun sitio natural que visitas é malo para a contorna? Non collas mostras. En moitas ocasións a fragilidade dos ecosistemas está continuamente a proba perante a presión dos turistas. Hai que tentar que o impacto sexa o menor posible alá onde se vaia, evitando coller mostras de especies animais ou vexetais e mesmo de restos de rochas.

# Boas Prácticas

## A Deputación da Coruña financia a homologación do Camiño dos Faros

O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo que une Malpica con Fisterra pola costa e atravesa un total de nove concellos da provincia.

Para o deputado de Turismo, Xosé Regueira, o "Camiño dos Faros é [...] un dos produtos máis recoñecíbeis de Galicia no mercado entre o público que busca camiñar como forma de facer turismo".

A Asociación do Camiño dos Faros tiña como obxectivo que o camiño existira formalmente. Din que nestes anos conseguiron crealo gracias a colaboración de voluntarios e veñen turistas de toda Europa a facelo. Consideran así que a homologación converterá o Camiño en eixo vertebrador do turismo da comarca.

Fonte: Deputación de Coruña

## Un proxecto da UDC sobre innovación enerxética, premiado pola Comisión Europea

Este estudo centrarase en "analizar casos exitosos que permitiron reducir o consumo de enerxía, renunciar aos combustibles fósiles e substituílos por enerxías renovables", relata a coordinadora do grupo da UDC, Adina Dumitru. Pretenden involucrar aos consumidores neste cambio enerxético "non só no consumo de enerxía directo, como pode ser conducir un coche, senón tamén no indirecto, que son os produtos que comparamos", detalla.

Fonte: La Opinión Coruña

## Máis bicicletas en Coruña

O sistema municipal de bisis renovará todas as súas estacións e o seu parque móbil, duplicando o número, co obxectivo de superar a barreira dos 3.000 usuarios do 2015.

Ademais, os 8km de carril bici proxectados buscarán facer máis accesible o seu uso. Está previsto que para o próximo verán haxa 500 bicicletas, a metade eléctricas -a gran novidade-, e unha rede de 46 estacións, unha en cada barrio da cidade. De feito, se cadra creárase unha estación en Novo Mesoiro, para saciar a demanda.

Fonte: La Voz de Galicia

## Axenda Ambiental

- 15/11/2017 – 17/11/2017 Congreso Nacional Parques Naturais e Turismo Sostentables. Parque Nacional do Teide.
- 17/11/2017 VI Festival Internacional de Cine e Natureza "Val da Fuenfría".
- 17/11/2017 Xornada "A Comunicación da Rede natura 2000". Trujillo, Cáceres.
- 18/11/2017 – 26/11/2017 Semana Europea da Prevención de Resíduos.
- 20/11/2017 IV Edición do Concurso "Quarry Life Award"

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal](mailto:desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal)